

RESOLUCIÓN do 29 de xullo de 2024 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos investimentos en equipamento en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 en réxime de concorrencia non competitiva. IGAPE DOG Nº 146, (30/07/2024)

Obxecto

Apoiar a empresa galega nos custos de investimentos en equipamentos subvencionando sobre o volume de investimento en maquinaria, bens de equipamento ou sistemas informáticos (**código de procedemento IG408I**).

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime **de concorrencia non competitiva (por orde de entrada)**.
2. As solicitudes, en todo caso, resolveranse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito, do cal se dará a correspondente publicidade.

Persoas beneficiarias

1. Poderán ser persoas beneficiarias **destas axudas as empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia**, que realicen calquera actividade económica coa **excepción das actividades excluídas** pola normativa aplicable (Regulamento (UE) nº 2023/2831-Regulamento de minimis):

- A produción primaria de produtos da pesca e da acuicultura.
- A produción primaria de produtos agrícolas e gandeiros.

Conceptos subvencionables, condicións e intensidade de axuda

1. Conceptos subvencionables:

Investimento en **activos fixos tanxibles e intanxibles** nos que incorra a empresa desde o **1 de xaneiro de 2024** e anteriores á data de solicitude, podendo tamén incluír investimentos que se realizarán con posterioridade á data de solicitude, **ata o 10 de decembro de 2024**.

- Compra de maquinaria ou bens de equipamento.
- Programas de implantación de solucións tecnolóxicas (software e hardware).

2. Condicións:

O importe mínimo de custo subvencionable total deberá acadar 40.000 €

3. Intensidade de axuda:

Concederase unha axuda do **40% ata un máximo de 300.000 €** para os custos subvencionables incorridos pola empresa durante o período subvencionable, que abarca

desde o **1 de xaneiro de 2024** ata o remate das actuacións propostas, que non deberá superar en ningún caso o **10 de decembro de 2024**.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de axuda **comezará o 7 de agosto de 2024**, ás 9.00 horas, e **rematará o 10 de outubro de 2024**, ás 14.00 horas, agás que antes desa data se produza o esgotamento do crédito